

MÁRIO DE SÁ-CARNEIRO

A confesión de Lúcio

Traducido por Benxamín Constante



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Cumpridos dez anos de prisión por un crime que non cometín e do que nin sequera me defendín, morto para a vida e para os sonhos, sen poder esperar nin desexar xa nada, dispóñome a facer por fin a miña confesión, é dicir, a demostrar a miña inocencia.

Talvez non me crean. Sen dúbida non me han crer. Mais pouco importa. O meu interese hoxe en proclamar que non asasinei a Ricardo de Loureiro é nulo. Non teño familia; non preciso que me rehabiliten. Quen ficou dez anos preso, nunca se chega a rehabilitar. Esa é a pura verdade.

E aqueles que ao ler o que queda exposto me pregunten: «Pero, por que non confesou daquela? Por que non demostrou a súa inocencia perante o tribunal?»; a eses respondereilles: a miña defensa era imposible. Ninguén me crería. E sería inútil aparentar ser un trifulqueiro ou un louco... Alén disto, debo confesar que, tras os acontecementos nos que me vin envolvido naquela época, quedei tan abatido que o cárcere se me figuraba algo esperanzador. Era o esquecemento, o acougo, o sono. Era un final coma outro calquera, unha conclusión para a miña desolada vida. Toda a miña ansia residía xa que logo en ver concluído o proceso e en comezar canto antes a cumprir a miña sentenza.

Polo demais, o meu proceso foi rápido. Oh! O caso parecía moi claro... Eu nin negaba nin confesaba. Quen cala outorga... E todas as simpatías estaban do meu lado.

O crime era, como recollerían os xornais da época, un «crime pasional». *Cherchez la femme*. Ademais, a vítima era un poeta, un artista. A muller, coma nas novelas, desaparecera e, na fin de contas, eu era un heroe. E un heroe coas súas trazas de misterio, o cal me aureolaba aínda máis. Por todo isto, con independencia do requintado discurso de defensa, o xurado concedeume circunstancias atenuantes. E a miña condena foi curta.

Si! Foi ben curta, sobre todo para min... Eses dez anos esvaecéronse coma se fosen dez meses. O certo é que, en realidade, as horas non poden afectar nunca a aqueles que viviron un instante que se converteu no centro da súa vida. Unha vez alcanzado o sufrimento máximo, non hai ren que nos faga xa sufrir. Experimentadas as sensacións máximas, xa nada nos fará abalear. Poucas son de feito as criaturas que experimentan ese momento culminante. Aquelas que o viviron ou son, coma min, mortos en vida, ou só seres desencantados que, moitas veces, acaban no suicidio.

No entanto, ignoro se existe maior felicidade que vivir un instante coma ese. Se cadra os que non o viven teñen paz. Pero non o sei. E a verdade é que todos esperan ese momento luminoso. Despois, son infelices. Velaí por que, malia os feitos, me sinto orgulloso de vivilo.

Mais poñámoslles o ramo aos circunloquios. Non estou a escribir unha novela. Só desexo facer unha exposición clara do sucedido. E, a prol da claridade, creo que collín o mal camiño. Ademais, por moi lúcido que queira ser, a miña confesión resultará –estou certo– a máis incoherente, a máis perturbadora, a menos lúcida.

Non obstante, si garanto unha cousa: ao longo da exposición non deixarei escapar nin un detalle, por mínimo que sexa ou por irrelevante que pareza. En casos coma o que trato de explicar, a luz só pode nacer dunha gran

